

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0275	Materiais téxtiles e pel	2023/2024	0	187	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NURIA SAN BRUNO DÍEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.
RA2 - Recoñece peles e coiros de aplicación na fabricación de artigos ou uso industrial, e identifica a súa orixe, as súas calidades e os seus defectos.
RA3 - Identifica elementos complementarios en relación coas súas aplicacións en confección, calzado e marroquinaría.
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.
RA5 - Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os tipos de fibras e de fíos.
CA1.2 Clasifícanse as materias téxtiles segundo a súa natureza.
CA1.3 Defínense as características e as propiedades das materias téxtiles.
CA1.4 Defínense os parámetros básicos de materias téxtiles.
CA1.5 Descríbense os defectos máis usuais nas materias téxtiles.
CA1.6 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.
CA1.7 Descríbense os usos e as aplicacións das materias téxtiles.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.1 Identifícanse os tipos de peles e coiros segundo a súa natureza.

CA2.2 Expresáronse as características das peles coa terminoloxía, as medicións e as unidades propias.

CA2.3 Describiuse o proceso de curtadura de peles e coiros e sinaláronse os produtos de entrada e saída.

CA2.4 Descríronse os acabamentos, e indicáronse as substancias que se empregan e as características que lles confiren ás peles e aos coiros.

CA2.5 Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles debidos á súa natureza e ao proceso de transformación.

CA2.6 Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías máis frecuentes que inciden nas características do produto final.

CA3.1 Identifícanse accesorios en confección e calzado.

CA3.2 Identifícanse elementos de recheo, de reforzo, de suxeición, etc.

CA3.3 Recoñécéronse fornituras e avíos (orla, entremedio, bias, etc.).

CA3.4 Identifícanse tipos de adobíos.

CA3.5 Relacionouse o elemento complementario coa súa función.

CA3.6 Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.

CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.

CA4.3 Identificouse a simboloxía de composición de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

CA4.5 Verificáronse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.

CA4.6 Aplicouse a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

Crterios de avaliación do currículo

CA5.1 Identifícanse as áreas máis representativas onde interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agro, construción, protección persoal, etc.).

CA5.2 Recoñécense os seus usos e as súas aplicacións.

CA5.3 Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.

CA5.4 Defíníronse as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.

CA5.5 Identifícanse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.

RA2 - Recoñece peles e coiros de aplicación na fabricación de artigos ou uso industrial, e identifica a súa orixe, as súas calidades e os seus defectos.

RA3 - Identifica elementos complementarios en relación coas súas aplicacións en confección, calzado e marroquinaría.

RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.

RA5 - Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.1 Identifícanse os tipos de fibras e de fíos.

CA1.2 Clasifícanse as materias téxtiles segundo a súa natureza.

Crterios de avaliación do currículo

CA1.3 Definíronse as características e as propiedades das materias téxtiles.

CA1.4 Definíronse os parámetros básicos de materias téxtiles.

CA1.5 Descríbense os defectos máis usuais nas materias téxtiles.

CA1.6 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.

CA1.7 Descríbense os usos e as aplicacións das materias téxtiles.

CA2.1 Identifícanse os tipos de peles e coiros segundo a súa natureza.

CA2.2 Expresáronse as características das peles coa terminoloxía, as medicións e as unidades propias.

CA2.3 Descríbiuse o proceso de curtadura de peles e coiros e sinaláronse os produtos de entrada e saída.

CA2.4 Descríbense os acabamentos, e indicáronse as substancias que se empregan e as características que lles confiren ás peles e aos coiros.

CA2.5 Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles debidos á súa natureza e ao proceso de transformación.

CA2.6 Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías máis frecuentes que inciden nas características do produto final.

CA3.1 Identifícanse accesorios en confección e calzado.

CA3.2 Identifícanse elementos de recheo, de reforzo, de suxeición, etc.

CA3.3 Recoñecéronse fornitureiras e avíos (orla, entremedio, bias, etc.).

CA3.4 Identifícanse tipos de adobíos.

CA3.5 Relacionouse o elemento complementario coa súa función.

CA3.6 Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.

CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.3 Identifícase a simboloxía de composición de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verifícanse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.
CA4.6 Aplícase a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA5.1 Identifícanse as áreas máis representativas onde interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agro, construción, protección persoal, etc.).
CA5.2 Recoñécense os seus usos e as súas aplicacións.
CA5.3 Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.
CA5.4 Defínense as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.
CA5.5 Identifícanse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS

Para acadar o aprobado os/as alumnos/as deberán ser capaces de:

- Utilizar a terminoloxía adecuada no referente a materias e materiais téxtiles, peles e coiros.
- Recoñecer as distintas materias téxtiles, peles e materiais complementarios, as súas características e natureza.
- Describir os procesos necesarios para a obtención de fíos e identificar conceptos como torsión e numeración.
- Describir os procesos de obtención dos tecidos non tecidos, tecidos de calada e tecidos de punto.
- Describir os distintos procesos de obtención de peles e coiros.
- Clasificar as peles segundo o tamaño, grosor e defectos que conteñan.

- Coñecer os tintes e colorantes e a súa aplicación.
- Indicar as operacións de aprestos e acabados de xéneros téxtiles.
- Indicar as operacións de aprestos e acabados de peles e coiros.
- Valorar a incidencia que os defectos das peles e os téxtiles poden ter no produto final.
- Coñecer a normativa referente ao etiquetado e conservación de téxtiles e peles

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- O total da puntuación asignada en cada proba corresponderá á valoración das respostas ou destrezas demostradas polo candidato.
- A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e se cualificará de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- A segunda parte tamén terá carácter eliminatorio e se cualificará igualmente de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.
- A cualificación final correspondente ao módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso dos aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita tipo Test baseada nos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación que se estableceron no punto 2.

Todas as preguntas terán o mesmo valor. Para calcular a puntuación obtida polo candidato/a usarase a seguinte fórmula:

$$10X \frac{\text{ACERTOS} - (\text{ERROS}/2)}{\text{N}^\circ \text{ PREGUNTAS}}$$



Acertos: respostas correctas.

Erros: respostas incorrectas.

O candidato contará con 1,5 horas para levar a cabo a realización da proba.

Non é necesario ningún material especial (bolígrafo azul)

O candidato ou candidata deberá presentar documento acreditativo da súa identidade.

4.b) Segunda parte da proba

Será un exercicio práctico que consistirá na resolución de problemas relacionados cos mínimos exixibles que aparecen nesta programación e/ou na identificación de distintos tipos de coiros e materiais téxtiles, así como tipos de tinguiduras e acabamentos aos que foron sometidos, por medio de mostras facilitadas pola examinadora.

O candidato contará con 2 horas para levar a cabo a realización da proba.

O candidato deberá vir provisto de calculadora (non se permitirá o uso do móbil), regra e bolígrafo azul.

O candidato ou candidata deberá presentar documento acreditativo da súa identidade.